



CAMPO DE VOLUNTARIADO "FERVENZA DO POZO DO BATÁN"

(QUIROGA-LUGO)

DATAS	IDADES	ÁMBITO	MODALIDADE	PRAZAS
23-07-03/08/2025	18-30	Internacional	Medioambiental	15



LOCALIZACIÓN

O concello de Quiroga está situado na provincia de Lugo, na Serra do Courel, o lugar do nacemento xeolóxico de Galicia. Serras moi elevadas, faias, estruturas xeolóxicas moi antigas fixeron que a zona fora declarada pola UNESCO Xeoparque Mundial.

A ruta coñecida como "Camiño do Ferradal" percorre o val do río Soldón. Trátase dun antigo camiño polo que se baixaba o mineral das minas que existían nas montañas. Na ruta atópase Pena Furada, que consiste nun túnel escavado polos romanos para conducir a auga do río ata varias minas auríferas.



DESCRIPCIÓN DO CAMPO

A acción principal de este campo de voluntariado é poñer en valor unha fervenza de auga no río Ferreiroño, próxima ao pregamento xeolóxico de Campodola e á ruta PRG-192 e acondicionar o acceso a esta fervenza.

Accións:

- Desbroce, limpeza e sinalización dos accesos a fervenza "O Pozo do Batán"
- Creación dun vídeo promocional da fervenza "O Pozo do Batán"
- Promover o Xeoparque "Montañas do Courel"
- Dinamización das rutas do Concello

ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS

- Descuberta de Quiroga e visita ao Museo Etnográfico e Xeolóxico
- Visita ao Centro de Interpretación da Minería Aurífera Romana en Ribas de Sil
- Ruta polo monte ata as minas de ouro de Montefurado e baño no río
- Dobramento xeolóxico de Campodola (monumento natural) e visita a unha Adega da Denominación de Orixe Ribeira Sacra
- Caia e SUP (Stand Up Paddleboard) no río Sil
- Carreira de xeorientación por Quiroga con XPS deportivo
- Piscina e praia fluvial de San Clodio



ALOXAMENTO E MANUTENCIÓN

O aloxamento e mantenza do campo de Voluntariado será no Albergue Municipal de Quiroga.

Enderezo: Rúa Real, núm. 118, 27320 Quiroga (Lugo)



INCORPORACIÓN, PUNTO DE ENCONTRO

As persoas voluntarias serán recollidas na estación de tren de San Clodio e na de buses de Quiroga (primeira



recollida ás 18:00 h e segunda recollida ás 20:00 h).

O campo remata o último día despois do almorzo.



COMO CHEGAR:

En tren (www.renfe.com) ata a estación de San Clodio en Ribas de Sil.

Ata a estación de buses de Quiroga: dende Ourense ou Monforte de Lemos (www.bus.gal). Dende Ponferrada (www.alsa.es).

COTA

CENTO DEZ (**110 €**) euros. As persoas posuidoras do Carné xove, título de familia numerosa, familia acolledora ou familia monoparental, OITENTA E DOUS EUROS E CINCUENTA CÉNTIMOS (**82,50 €**).

Que inclúe?: Inclúe os gastos de manutención, aloxamento e os derivados das actividades propias e de lecer ademais dun seguro de accidentes e de responsabilidade civil.

Non inclúe: Os gastos ocasionados polo traslado (ida e volta) ata o lugar da actividade que correrán a cargo da persoa voluntaria.

DEVOLUCIÓN DA COTA

Circunstancias que dan dereito á devolución da cota:

a) Anulación da actividade ou non prestación do servizo por causas non imputables á persoa interesada.

b) Ingreso hospitalario ou causa médica grave que afecte á persoa interesada e lle impida incorporarse ao campo. Deberá acreditarse con informes médicos e/ou do hospital no que estea ingresada.

c) Falecemento ou enfermidade grave dun familiar ata o 2º grao. Esta causa debe estar acreditada con informes médicos e/ou do hospital onde estea ingresado o familiar, ou co certificado de defunción, de ser o caso.



d) Abandono da actividade por calquera dos motivos recollidos na letra b), sempre e cando non transcorrese máis do 50 % dos días de duración do campo.

QUE TRAER

- Útiles de aseo (neceser completo) e toalla de ducha
- Saco de durmir, esteira e mochila pequena para rutas
- Calzado cómodo para montaña e calzado deportivo
- Roupas: de deporte (suadoiros), de baño (traxe de baño, toalla, chancletas...), de abrigo (roupa idónea para poder realizar o traballo en caso de choiva ou frío) e gorra

DOCUMENTACIÓN

Todas as persoas participantes deberán levar o seu documento de identidade e a tarxeta sanitaria.

SEGURO

Todas as persoas participantes disporán dun seguro que cobre os accidentes que se poidan producir durante a actividade e a responsabilidade civil que deles se poida derivar.

CONTACTOS

Dirección Xeral de Xuventude:
camposdevoluntariado.xuventude@xunta.gal

Servizo de Xuventude e Voluntariado de Lugo:
camposlugo.xuventude@xunta.gal

INFORMACIÓN ADICIONAL

xuventude.xunta.es Portal da Dirección Xeral de Xuventude da Xunta de Galicia con toda a información sobre campos, ocio e tempo libre, actividades, formación...

@xuventudegalicia Redes sociais da Dirección Xeral de Xuventude